

# INFORME CONVENIO BRIGADAS DE INCENDIOS

## ANTECEDENTES

Dende hai xa dez anos a Xunta de Galicia estableceu unha liña de colaboración cos Concellos para manter, durante a época estival brigadas para a extinción de lumes forestais, ademáis de camións motobomba e máquinas desbrozadoras.

Esta colaboración se realizaba a través de Convenios entre a Xunta e cada Concello, que no que se refire ás brigadas tiña as seguintes características:

- A Xunta ofrecía a posibilidade de Convenio a todos aqueles Concellos que tiñan masa forestal susceptible de ser queimada (ó redor do 80% dos concellos de cada Provincia) e so se deixaban de repetir ó ano seguinte se se detectaban anomalías ou incumprimentos por parte do Concello en canto ó funcionamento das brigadas.
- O persoal era municipal en tódolos casos; a Xunta non tiña outra relación coas brigadas que a coordinación operativa das mesmas dende cada distrito forestal, pero non participaba na selección do persoal, e só o formaba despois de seleccionado se o Concello (que recibía cartos para os cursos) non quería facelo.  
Non se existía dende a Xunta ningún requisito de titulación a este persoal; unicamente que estiveran nas condicións físicas axeitadas e que realizasen o curso de formación.
- A Xunta lle entregaba unha cantidade fixa a cada Concello por brigada, inferior en case un 30% ó que percibe o persoal da Consellería que realiza as mesmas tarefas de extinción.  
A partir de aquí, era o Concello o que, no seu caso, tería que completar os sueldos, producíndose diferentes situacións según a provincia:  
Na Coruña, a Deputación completaba os salarios das cuadrillas ata equiparalas practicamente co persoal da Xunta.  
En Pontevedra, a Deputación aportaba un 20%, e o outro 10% era aportado (non sempre) polos Concellos  
En Ourense e Lugo as Deputacións non aportaban nada, e polo xeral o persoal das brigadas percibía como único salario o que aportaba a Xunta.

No mes de Marzo de 2006, e dentro do Pacto Local, a Consellería de Medio Rural asinou coa FEGAMP un Protocolo onde se establecían as Bases do que logo serían os Convenios a firmar con cada Concello en materia de extinción de incendios.

Neste Protocolo (**que se firmou simple e llanamente por sacarse unha foto, xa que legalmente non era necesario**), se establecían que os Convenios terían as mesmas condicións que no ano pasado, agás unha circunstancia: a Consellería quería participar nos tribunais de selección do persoal municipal.

Como esta intención levantaba a suspicacia de moitos Alcaldes, o que finalmente dixo o Protocolo ó respecto era que a participación concreta da Consellería no proceso de selección do persoal das brigadas se determinaría en cada Convenio que se asinase.

No mes de Maio, e ante as sospeitas de que este ano o Convenio se lle ofrecería a un nº inferior de Concellos, a FEGAMP se dirixiu ó Conselleiro de Medio Rural solicitándolle, por escrito, que informara dos Concellos ós que este ano se lles ofrecería o Convenio.

**A Consellería non se dignou contestar a este requerimento de información**

### **SITUACIÓN ACTUAL**

Por regra xeral, todos os anos se escomenzaban a ofrecer os Convenios ós Concellos durante o mes de Maio, de xeito que, antes de rematar o mes de Xuño, tódalas Brigadas estaban xa operativas.

Pero este ano, os contactos da Consellería cos Concellos escomenzaron apenas hai dúas semanas, o cal implica, de entrada, un notable retraso na operatividade das Brigadas, achacable en exclusiva a Medio Rural.

Ademáis, non se está enviando o texto do Convenio, senón simplemente unha comunicación invitando a asinalo; parece ser que a razón é que pretenden centralizar o acto de firma en cada

Delegación, tódolos Alcaldes á vez, cunha intención puramente propagandística, e entenden que se mandan o texto do Convenio o Concello o devolvería xa asinado.

Nunca se fixo esta firma conxunta, precisamente por razóns de operatividade se remitía o Convenio a cada Concello, primeiro para que o coñecesen, e despois para que, se o aprobaban, o devolvesen asinado e poder empezar canto antes.

### ANÁLISE DO CONVENIO ACTUAL

A verdade é que non existen grandes diferencias cos anteriores; estas se reducen a tres:

- 1) A Consellería exise a presenza dun técnico de grado medio ou superior como encargado da Brigada (se “fose posible”)
- 2) A Consellería participará cun representante nos Tribunais de Selección dos compoñentes da Brigada (finalmente impoñen a fórmula que levantou a suspicacia da FEGAMP)
- 3) A formación do persoal seleccionado será a cargo da Consellería; se o Concello quere formalo el mesmo terá que asumir os custes do curso.

### PROPOSTA DE ACTUACIÓN

Non parece que estas diferencias teñan a suficiente entidade para xustificar unha decisión xeral dos Concellos do PP de non asinar os Convenios, sobre todo pensando en que, se houbera, como o ano pasado, moitos lumes, a Xunta intentaría responsabilizar ó PP ante a opinión pública por esta decisión.

Polo tanto, se propón a seguinte estratexia, baseada na dilación pero non na negativa:

**1º) Baixo ningún concepto un Concello debe aprobar o Convenio sen ter antes o seu texto íntegro; polo tanto, mentras non o envien (xa lles foi reclamado por carta) non se debe facer nada**

2º) Ademáis (e isto é moi importante) a Comisión Executiva da FEGAMP acordou o 12 de Xuño solicitar unha xuntanza con Medio Rural para clarear determinados aspectos do Convenio; esta reunión parece ser que se vai celebrar o día 27 de Xuño, e ata entón, polo tanto, ningún concello debería tomar ningunha decisión.

3ª) Non se poden, en ningún caso, admitir as presas e os prazos a modo de ultimatum que está dando a Consellería; hai que recordarlles que levan un mes de retarso nos trámites, e que un Concello ten os seus procedementos e tamén está sometido ó cumprimento dunha serie de fases antes de tomar calquer acordo.

4º) Por último, unha vez que se aprobe o Convenio no Concello, haberá que ser “especialmente celosos” no cumprimento da legalidade á hora de seleccionar ó persoal:. Hai que recordarlles que foron eles os que impuxeron a súa presenza nos Tribunais, e polo tanto deben ser os primeiros en apoiar que se cumpla estrictamente a legalidade; polo tanto, o Concello seguirá o seguinte procedemento:

- Se aprobarán unhas Bases, que se remitirán ó BOP, dando un prazo para a presentación de instancias, e despois se realizarán as correspondentes probas selectivas.
- Posteriormente, haberá que realizar os correspondentes cursos de formación, e finalmente se asinarán os contratos.

**Se trata, en definitiva, de transmitirle á opinión pública o que non deixa, polo demáis, de ser unha realidade palpable: os Concellos do PP están dispostos, como non podía ser menos, a colaborar a tope na loita contra os lumes forestais, pero a lentitude da Xunta e as variacións introducidas nos Convenios, alargan os procedementos e provocan retrasos de máis de dous meses con respecto a outros anos no funcionamento das cuadrillas.**